



Xogos

[Xogo] A Mariquita

Fórmase unha roda e métese dentro á "mariquita", que é unha rapaza. Fóra da roda está un rapaz cun cinto.

Este, pregúntalle á □mariquita□:

□¿Que fas aí, mariquita?

Esta responde:

□Estou facendo unhas poucas papas adobadas con leite de cuza (cadela) para vostede.

Contestáballe o de fóra:

□¡Ah, guarra!□e intenta darlle co cinto.

Mentres, os que forman a roda tratan de abrirse o máximo posible, sen soltar as mans, para impedir que este lle dea á □mariquita□.

[Remitido por José María Carricoba Armesto, de Lugo. Xogo recollido na parroquia de Donís, concello de Cervantes (Lugo) a principios da década de 1990]